



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 19 DE MAIO DO 2022.-**

<p><b>ASISTEN:</b></p> <p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. D. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. José Manuel Cendán Fernández D. Marcos Carballo Sarmiento</p> <p><b>AUSENCIAS XUSTIFICADAS:</b> Dna. Noelia Montero Candal</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodriguez</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as trece horas e dez minutos do día dezanove de maio do dous mil vinte e dous, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e urxente e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Igrexas Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- RATIFICACIÓN DO CARÁCTER URXENTE DA SESIÓN**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que aínda que o martes foi o día das letras galegas e aquí é festivo no resto do territorio español traballouse e o martes chegou un correo electrónico a 16:00 efectivamente un correo que vai dirixido a Alcaldía por parte da FEMP. Nós xa anunciamos a nosa intención de adherirnos a rede española de cidades saudables, nese correo xa nos din que se preveu a convocatoria das accións destinadas a esta rede e nos recordaban que a nosa declaración de intencións tiña que pasar polo pleno para poder adherirnos, efectivamente si xa nos estaban falando da convocatoria das accións proximamente xa non quixemos arriscar que se publicaran as accións para a rede e nós non ter aprobada a adhesión, esta é a razón do carácter urxente, aínda que o Sr. Secretario dicía que o pleno ordinario é o día trinta pero e si antes do pleno convocan as accións, quedar fora por non facer un pleno non é moi razoable e ademais e que nos enviaron un mail recordando que en datas próximas vanse a levar a cabo as accións, polo tanto non queríamos esperar máis aínda que si que é certo que tiñamos o pleno ordinario o día trinta pero efectivamente consideramos oportuno





convocar un pleno extraordinario con esta finalidade. As accións son diferentes, nós temos que ver a cal sumamos, a realización da actividade física ao aire libre, o fomento do uso de medios de transporte alternativas como por exemplo a bicicleta, uso peatonal, rede de circuitos biosaludables, sendas de costa e logo efectivamente espazos para a actividade física e de saúde e ben aquí vai ir de todo, ampliación de beirarrúas, vaías protectoras, camiños as escolas seguros, un pouco ver as accións que imos a solicitar, e logo a formación de estilos de vida saudable na infancia e adolescencia, está claro que Ares cada vez ten un espazo urbano máis amplo e iso de xogar coa pelota na rúa hai zoas como o palco onde os país demandaban unha vaia e se puxo unha vaia de madeira porque os rapaces saían correndo para a rúa Real e a Arthur e ben, xa hai douscentos noventa e seis entidades adheridas, son moi poucas, en España hai oito mil entidades locais e so están adheridas douscentos noventa e seis son pouquísimas e eu imaxino que o sentido do mail e aqueles que manifestamos o compromiso de sumarnos recordando porque se ve isto non está tendo moito éxito, de oito mil só douscentos noventa e seis pero ben, efectivamente está claro que para o concello de Ares creo que ten interese e a razón é contestar con urxencia a este escrito que queren empezar e de oito mil concellos como xa dixen só hai douscentos noventa e seis e a proposta do concello é sumarnos sobre todo despois da pandemia e de todo o que levamos pasado sumarse a esta rede de cidades saudables.

Unha vez que expliquei as razóns da urxencia procedemos a ratificación e procedemos a abrir a quenda para fixar posicións.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervención, dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sr. Brage Otero sinalando que dende o seu punto de visto non hai nada que xustifique esta premura, non sei o correo da FEMP nin a convocatoria (inintelixible) quero dicir, temos un pleno ordinario dentro de once días, realmente non son once días hábiles nin sequera polo tanto a urxencia non está xustificada de ningunha maneira.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que en principio o que imos a facer e votar a ratificación do carácter urxente da sesión que é o que hai que facer e logo debateremos o tema. En canto a escasa participación de concello na adhesión, que dos oito mil soamente participen douscentos noventa e seis, pola información que eu teño a razón é que o custe do proxecto é maior que a subvención entón os alcaldes teñen medo, non sei si





esta información é certo ou non pero isto é o que se comenta pero ben, nós estamos de acordo coa ratificación da urxencia, sabemos moi ben como son os Fondos Europeos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que ten medo a que salga algo publicado no BOE, si antes do trinta sae publicado e quedamos fora criticariades que quedamos fora por non convocar o pleno. Eu recibo o correo o martes festivo, eu me poño en contacto con eles eu lles digo que temos un pleno o día trinta pero a resposta que recibo e que isto vaise a poñer en marcha, vai a saír e o BOE non o controlamos entón dixen, hai que facelo xa porque logo sae publicado e a culpa é miña por non convocar o pleno pero ben, fixadas posicións procedemos a votación.

Sometida a votación a ratificación do carácter urxente da sesión o concello pleno por 10 votos a favor (6 PSdG-PSOE-1 Ausencia Xustificada, 1 NAL, 3PP) e 2 votos en contra (2BNG) acorda prestar a súa aprobación

## **Punto núm. 2.-SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIUDADES SAUDABLES.**

Dáse conta da solicitude de adhesión á rede española de cidades saudables, que a continuación se transcribe;

### **MODELO DE ACUERDO DE PLENO**

#### **SOLICITUD DE ADHESIÓN A LA RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES**

Se somete al Pleno del

La propuesta de adhesión a la Red Española de Ciudades Saludables realizada por el grupo

municipal de [REDACTED] o el/la Concejala/a de [REDACTED]

La Red Española de Ciudades Saludables persigue la promoción y protección de la salud y el bienestar de los ciudadanos, en concordancia con los principios de actuación correspondientes al proyecto "Healthy Cities" de la Organización Mundial de la Salud.

En general, las líneas generales de la Sección se centran en:

- Asegurar el mantenimiento de los contactos interinstitucionales para la consolidación de las relaciones intersectoriales, necesarias en el ámbito de la promoción y protección de la salud.
- Fomentar la colaboración y la acción conjunta de las ciudades participantes en materia de promoción y protección de la salud.
- Ayudar a las ciudades participantes a desarrollar modelos operativos de promoción y protección de la salud en la comunidad, que puedan servir como modelos de buena





praxis en lo concerniente a la promoción y protección de la salud en el contexto urbano, en concreto el diagnóstico y los planes de salud.

Es por todo ello que el grupo municipal de

o el/la Concej/a  
de

Presenta, para su debate y aprobación por el Pleno de la Corporación, la siguiente

### PROPUESTA DE ACUERDO

1º.- El Pleno de la Corporación aprueba la adhesión de (nombre la Entidad Local) a la Red Española de Ciudades Saludables y de cumplir sus fines estatutarios, y en consecuencia, se compromete a:

- a. Tener elaborado un análisis de situación y un plan de salud para la ciudad o el compromiso de elaborarlo.
- b. Cumplir con las obligaciones y ejercer los derechos establecidos en los artículos 8, 14 y 15 de las Normas de Funcionamiento y Organización de la Red Española de Ciudades Saludables y, especialmente, la de abonar a la FEMP la cuota e socio titular de la Red que cada año corresponda a esta Entidad Local en función del número de sus habitantes, y que en el presente ejercicio asciende a \_\_\_\_\_ euros.

2º.- Que por el Alcalde/Presidente se realicen todos los trámites oportunos para que la adhesión de (nombre de la Entidad Local) a la Red Española de Ciudades Saludables sea efectiva.

### FORMULARIO DE ADHESIÓN A LA SECCIÓN DE LA FEMP

#### RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES (RECS)

Yo, el abajo firmante, expreso, en representación de mi Entidad Local, el compromiso de adhesión a la Red Española de Ciudades Saludables (RECS), adoptado por Acuerdo del Pleno celebrado el día:

Con el compromiso de cumplir los fines estatutarios de la mencionada RED, y los requisitos fijados para la incorporación de las Entidades Locales asociadas a la citada Red.

Nombre de la Entidad Local:





Nombre, Título y Función del Firmante:

[Redacted area]

Nombre del Alcalde/Presidente, si es otro que el arriba firmante:

[Redacted area]

Lugar, Fecha:

[Redacted area]

### FIRMA:

#### DATOS

#### PERSONALES

1. La remisión del presente formulario implica la autorización expresa a la Federación Española de Municipios y Provincias para integrar en un fichero automatizado de su responsabilidad los datos de carácter personal facilitados, y a su tratamiento, incluida la cesión a terceros, para todos aquéllos aspectos que sean necesarios para la organización y desarrollo de la jornada e información sobre otras jornadas.

2. Sus datos se conservarán hasta que usted nos solicite su cancelación.

3. En todo momento podrá ejercer sus derechos de transparencia, información, acceso, rectificación, supresión o derecho al olvido, portabilidad, limitación y oposición al tratamiento de la información que le concierne y autoriza a formar parte de los tratamientos de datos personales llevados a cabo por la FEMP.

4. Los derechos precitados podrá hacerlos efectivos ante la FEMP dirigiéndose por correo postal a nuestra sede, calle Nuncio 8, 28005. Madrid, o a la siguiente dirección de correo electrónico: [ciudades.saludables@femp.es](mailto:ciudades.saludables@femp.es), si bien, en el encabezamiento se deberá añadir el título "protección de datos", y la comunicación deberá acompañarse de una fotocopia del DNI, por tratarse de un derecho personalísimo.

5. Usted tendrá, asimismo, el derecho a presentar una reclamación ante una autoridad de control como es la Agencia Española de Protección de Datos, por un tratamiento ilícito relativo a sus datos personales.

*Acepto todas las condiciones de participación en la Red y en especial las relativas a los datos personales \**

Sí, acepto

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que hai oito mil concellos en toda España e só están adheridos douscentos noventa e seis a miña o opinión persoal é que toca a máis, si vanse a repartir entre douscentos noventa e seis toca a máis que si se reparten entre oito mil polo tanto, outra razón para a adhesión é a escasa adhesión ao programa, iso quere dicir que vai tocar a máis entón o que di o voceiro do PP, estas cousas non se saben son Fondos Europeos vale pena non perder a oportunidade que non sexa porque non o intentamos.



Cod. Validación: 6NY3HN5PRMMGEFEYAW99Z25SR | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 6



O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que xa explicaron o motivo da súa votación.

Sometida a votación a **SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIDADES SAUDABLES** o concello pleno por unanimidade dos presentes 12 votos a favor (6 PScG-PSOE-1 Ausencia Xustificada, 1 NAL, 3PP, 2BNG), acorda prestar a súa aprobación nos seguintes termos:

1º O Pleno da Corporación aproba a adhesión do Concello de Ares a Rede Española de Cidades Saudables e de cumprir os seus fins estatutarios, en consecuencia, comprométese a:

- a. Ter elaborado un análise de situación e un plan de saúde para a cidade ou o compromiso de elaboralo.
- b. Cumprir coas obrigacións e exercer os dereitos establecidos nos artigos 8, 14 e 15 das Normas de Funcionamento e Organización da Rede Española de Cidades Saudables e, especialmente, a de abonar a FEMP a cota de socio titular da Rede que cada ano corresponda a esta Entidade Local en función do número habitantes, que no presente exercicio ascende a \_\_\_\_\_ euros.

2º.- Que polo Alcalde/Presidente se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión do Concello a Rede Española de Cidades Saudables sexa efectiva.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cincuenta e sete minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

